

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



## PECHE TEMPORAL DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS POR MOR DA EPIDEMIA DE CORONAVIRUS.

Estimad@s president@s,

como ben sabedes, a situación epidemiolóxica e a evolución da infección por coronavirus en España está condicionando a vida en xeral da poboación, o que está impulsando medidas preventivas orientadas a evitar a exposición na medida do posible ós riscos relacionados coa exposición ó virus.

As recomendacións e instrucións emitidas polas autoridades sanitarias competentes de ámbito internacional, estatal e autonómico recollen xa determinadas medidas, como o peche dos centros educativos e medidas extraordinarias en todos os ámbitos.

Desde o Concello de Vigo, en liña coa situación actual e as recomendacións e instrucións remitidas polas autoridades sanitarias, tomouse a decisión de pechar temporalmente as instalacións deportivas da cidade, incluídos os campos de fútbol que xestionades, en principio ata o día 29 de marzo incluído e sen prexuízo da ampliación de dito prazo cando así o aconselle a situación existente, co obxectivo fundamental de evitar o risco de contaxio na medida do posible.

En vindeiras datas seguiremos informando sobre a situación e sobre a reanudación da actividade, e apelamos á responsabilidade de todos e todas para tratar de colaborar coa finalización desta epidemia.

Agradecemos enormemente a vosa colaboración nesta situación extraordinaria, desexando retornar á normalidade o antes posible.

Co obxectivo de manter as medidas preventivas, rogamos que calquera comunicación co servizo de deportes se realice a través de medios electrónicos ou telefonicamente.

Un cordial saúdo

A Concellería de deportes

